

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e oito minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS DO PLENO DA SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2021 E EXTRAORDINARIA DO 3 DE FEBREIRO DE 2021.

Pola Presidencia preguntáselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da actas da sesións celebradas o día 26 de xaneiro de 2021 e o 3 de febreiro de 2021.

Intervén a sra. María Jesús García Souto e solicita que a aprobación das actas queden sobre a mesa para o seguinte pleno xa que non as recibiron coa convocatoria. A secretaria confirma que houbo unha incidencia na notificación e non recibiron as actas en prazo.

Acto seguido, a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes que se deixe este punto para o seguinte pleno.

SEGUNDO- APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO 2021 E O PLANTEL DE PERSOAL.

Dase lectura a proposta da alcaldía de data 18 de febreiro de 2021 que literalmente di:

“Exp. 2021/T004/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do Orzamento e o plantel de persoal de 2021.

Con data 18 de febreiro de 2021 finalizouse a elaboración do presuposto do 2021 comprensivo dos seguintes documentos:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, a 31 de decembro de 2020.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.
- d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- g) Anexo de débeda.
- h) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos. e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165, 166 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo

que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto desta Lei.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 18.02.2021 e o informe de Secretaría-Intervención de data 18.02.2021, sobre a estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2021, quedando fixada a súa contía, en GASTOS con un total de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS (2.990.88200.-€) e en INGRESOS DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS (2.990.882,00.-€)) asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Import
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	819.995,
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.221.942
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	114.902,
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	833.811,
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	232,0
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.990.882,

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Import
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	546.900,
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	25.000,
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	188.365,
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.490.198
5	INGRESOS PATRIMONIALES	100,0
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	740.319,

8	2. OPERACIONES FINANCIERAS ACTIVOS FINANCIEROS	00
	TOTAL PRESUPUESTO DE	2.990.882,0

Segundo.- Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento.

Terceiro.-Aprobar a plantilla do persoal deste Concello para este exercicio en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, e que se relaciona detalladamente no "Anexo do Persoal" do meritado Presuposto

Cuarto.-Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

Quinto.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla do persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sexto.-Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo 169 do RDL 2/2004, se remita copia do referido presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. "

Ábrese o turno de intervencións polo sr. alcalde que expón o contido da memoria explicativa do Orzamento.

Intervén a sr. García e afirma que un orzamento de case 3.000.000,00 € é unha cantidade importante para o Concello e o califica de esaxerado e decepcionante porque é máis do mesmo con respecto aos orzamentos de anos anteriores e que o actual alcalde criticaba este feito cando estaba na oposición.

Reposta o sr. alcalde e lle pregunta se veu as actas de cando estaba él estaba na oposición.

Se incorpora o concelleiro Juan Vicente Aller Penas .

A sr . García solicita que non lle interrompa na súa exposición e afirma que estes orzamentos se traducen basicamente en gastos de persoal , que supoñen un 30%, gastos correntes, todo isto acompañado dunhas inversións que basicamente contan con financiamento alleo (Xunta de Galicia e Deputación de A Coruña). Engade que de novo case todos os investimentos previstos consisten en , que non son inversións sostibles. Afirma que nos orzamentos hai menos investimento e máis impostos, incrementándose estes últimos un 20 % con respecto ao ano 2019. Con todo o exposto queda definido o orzamento: incremento de impostos e que se está

“engordando” a estrutura municipal sen saber qué servizos se están prestando a maiores con respecto a fai 20 anos.

Intervén o sr. alcalde e reitera a pregunta á sr. García se veu as actas dos plenos de cando él estaba na oposición .

Resposta a sr. García que viu todos os argumentos e promesas electorais que efectuo o sr. alcalde.

Intervén de novo o sr. alcalde e afirma que imaxina que non leu as actas dos plenos e engade que con respecto aos gastos de persoal do capítulo I se incrementa o que está estipulado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e no Convenio colectivo do persoal laboral , este último estivemos todos dacordo cando se aprobou. Con respecto ao capítulo II de gastos correntes hai unha redución de 40.000,00 € con respecto ao orzamento do 2020 e que no que atinxe aos impostos non se incrementa ningún, que o incremento das previsións débese por un lado a que se deron de alta de oficio numerosos inmobles no padrón da taxa de recollida do lixo e pola aprobación dunha nova ordenanza de taxas por expedición de documentos administrativos. Considera que son uns orzamentos realistas e honrados e que serven para cubrir as necesidades básicas do concello.

Interven a sra García e sinala con respecto ao capítulo I de gastos de persoal que efectivamente si se aprobou o convenio colectivo pero con tanto persoal e con horario reducido e non hai máis servizos que se presten a maiores.

Intervén de novo o sr.alcalde e lle di á sra. García que deberían votar a favor da aprobación dos Orzamentos xa que dan resposta ás necesidades do Concello de Sobrado e se adaptan á realidade engadindo que o ano pasado votaron en contra do POS e este ano se abstiveron e que no presente caso deberían votar a favor e sair mañá na prensa que se aprobaron por unanimidade os orzamentos do Concello de Sobrado., xa que son uns presupostos adaptados á realidade.

Intervén a sra. García a afirma que adaptados a túa realidade dende logo e pregunta onde están os servizos a maiores que se prestan aos veciños e considera que ningún.

Continúa a súa intervención e sinala que no que atinxe aos impostos é igual se é taxa ou imposto porque ese incremento de 20.000,00 € os van a pagar os veciños. Que cubre as necesidades básicas pero que cree que se cubre o mínimo que se pode facer. Engade que como se coñecen persoalmente non lle parece que os argumentos do alcalde podan ser os dela xa que considera que non é un referente para ela e polo tanto van a votar en contra da aprobación dos orzamentos.

Rematado o debate procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Juan Vicente Aller Penas Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra(2): M^a Jesús Souto García (PP) e López Fidalgo (PP).

Abstencións (0):

Quedando polo tanto aprobada a proposta da alcaldía.

**TERCEIRO- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA
CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O
ASENTAMENTO DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE SOBRADO.**

Dase lectura a proposta da alcaldía de data 17 de febreiro de 2021 que literalmente di:

“EXP: 2021/G013/000002

Asunto: Aprobación de ordenanza reguladora reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación no Concello de Sobrado.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto a ordenanza reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación do Concello de Sobrado, e o expediente tramitado ao efecto no que consta informe de Secretaria-Intervención, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente a Ordenanza reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación do Concello de Sobrado. nos termos que figuran no expediente e co texto que a continuacións e recolle:

PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE SOBRADO

Exposición de motivos

O envellecemento da poboación e o desprazamento de persoas cara aos núcleos urbanos son, sen dúbida, dous dos principais motivos da baixa taxa de natalidade e do despoboamento do rural galego. Aprobouse recentemente a Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia no que se recoñece esta situación e dispón que as administracións públicas de Galicia incorporarán a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, tanto na elaboración da normativa que as regule como na dotación orzamentaria, especialmente nos ámbitos familiar, laboral, da saúde, a educación, a cultura e o ocio, o deporte, a xuventude, o envellecemento, a migración, os servizos públicos e as comunicacións e que colaborarán a prol do impulso demográfico de Galicia e promoverán, no exercicio das súas competencia, a cooperación da Administración estatal e comunitaria.

O Concello de Sobrado non é alleo a este problema, experimentando unha perda de poboación continua nos últimos anos e unha baixada no número de nacementos.

A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de adaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos xóvenes e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na merma da natalidade, que é un dos principais problemas ó que facer fronte na sociedade nos próximos anos.

Continuar con esta tendencia daría lugar a graves consecuencias poñendo en perigo servizos fundamentais, podendo existir problemas para o mantemento futuro do Colexio Público CEIP Virxe do Portal e da Escola Infantil, de non tomarse medidas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Sobrado.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Neste mesmo texto normativo nos artigos 25 a 28 otorgan ao municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, e en particular, as relativas á educación cultura, a promoción da muller, vivenda e a protección do medio ambiente.

Ademáis, a familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Deste xeito, o Concello de Sobrado considera de interese público o apoio ás familias, circunscribíndose dentro deste o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no concello.

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Sobrado, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e/ou establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello de Sobrado, mediante a posta en marcha da presente ordenanza, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

Artigo 1.- Fundamento

A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art.2 e o art.23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, outorga a este Concello.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio ás familias, sendo o obxectivo da presente ordenanza, incentivar os novos nacementos ou adopcións no termo municipal.

Artigo 2.-Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas ás familias do Concello de Sobrado, cunha dobre finalidade, por un lado, o fomento da natalidade como medida complementaria de apoio ás unidades familiares e por outro, fixar poboación dentro do termo municipal.

Artigo 3.- Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 4.-Beneficiarios

Os beneficiarios serán conxuntamente os proxenitores ou adoptantes, titulares do libro de familia, no que figure rexistrado o nacemento ou adopción. Se no libro de familia figurase un só proxenitor ou adoptante, será este o único beneficiario. Así mesmo, terá a condición de beneficiario un só proxenitor ou adoptante, titular do libro de familia que convive co fillo que motiva esta axuda, tanto nos casos de nulidade, separación, divorcio ou nos supostos nos que o fillo esté exclusivamente a cargo do solicitante. En todo caso, considerarase a situación de convivencia na data de solicitude da axuda.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 5.-Requisitos.

5.1-Ser español ou extranxeiro con residencia legal en España.

5.2-Será condición necesaria para obter a condición de beneficiario, que os proxenitores, ou polo menos un deles e o menor, manteñan o empadramento no municipio de Sobrado dous anos posteriores ao nacemento. O incumprimento desta condición dará lugar á revogación da subvención concedida, coa obriga de devolver o importe íntegro da axuda concedida. Será documento acreditativo do disposto neste apartado certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

5.3-Que o menor conviva co solicitante ou solicitantes.

5.4 -O menor adoptado/a terá unha idade de ata 3 anos.. Neste caso, dende a resolución xudicial, será inscrito no prazo dun mes no padrón municipal de habitantes.

5.5-Os pais, ou polo menos un dos proxenitores, deberá estar empadroad/a no Concello de Sobrado cunha antelación mínima de 6 meses á data de parto, adopción ou acollemento.

5.6 Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias con Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Sobrado.

Artigo 6.-Contía das axudas e imputación do gasto

As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo/a nados, adoptados/as ou acollidos/as no período indicado no apartado segundo.

-No caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo, a axuda será como máximo de 600€.

-No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade recoñecida cun grado igual ou superior ao 33%, a contía da axuda poderá chegar aos 700€.

-En caso de partos múltiples, terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase a aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa á tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou disminuir o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Artigo 7.- Procedemento de concesión.

As solicitudes das axudas deben de ser cubertas de conformidade ao modelo normalizado (anexo I), dirixidas ao Alcalde-Presidente e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Estará aberta a convocatoria todo o ano.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

-Certificado de convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no Padrón Municipal de Habitantes. Os certificados serán achegados de oficio polo Concello.

-Fotocopia do libro de familia e do DNI do solicitante.

-De ser o caso, copia do auto xudicial de adopción ou copia compulsada, da resolución administrativa de acollemento.

-Fotocopia compulsada do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, de ser o caso.

-Compromiso de seguir empadroado no Concello de Sobrado por un período mínimo de dous anos.

-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.

-Fotocopia compulsada, se é o caso, da resolución xudicial que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou

nulidade matrimonial.

- Certificado de grado de discapacidade
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- Certificado da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para a súa consulta. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes municipais.

Artigo 8.- Órganos de resolución e prazo de notificación.

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo concello, requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, entenderase que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Os expedientes serán avaliados por parte dos servizos sociais municipais. A través do instrutor do expediente, e unha vez completada a documentación, formularase a correspondente proposta de resolución e remitirase o expediente ao órgano competente para a súa resolución definitiva. As resolucións dos expedientes faranse por orde cronolóxica de solicitudes, soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.
- Presentar a solicitude fora do prazo establecido.
- Estar agotado o crédito orzamentario habilitado na partida establecida para esta finalidade.

O prazo para resolver será de 3 meses, dende a data de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda.

Contra a resolución poderán interponerse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente, tendo en conta que esta pon fin á vía administrativa.

Artigo 9.- Compatibilidade con outras prestacións/axudas

Esta axuda será compatible con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

Artigo 10.-Deberes dos beneficiarios

A presentación de solicitudes polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Quedan obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, a devolución da mesma cos intereses legais

correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Artigo 11.- Infraccións e sancións

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 12.- Réxime xurídico

A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma terase presente o establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no título II da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. *Terase dereito a percibir a correspondente axuda para os supostos que veñen recollidos nestas ordenanza reguladora que tivesen lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2021.*

DISPOSICIÓN FINAL *Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. "*

SEGUNDO: Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello dirección <https://sobrado.es> co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.sobrado.es>].

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente

da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.”

Ábrese o turno de intervencións polo sr . alcalde que explica que estas axudas se recolleron o ano pasado en bases de execución do orzamento pero que se decidiu aprobar esta ordenanza para regular estas axudas con carácter definitivo e expón que se contemplan unhas axudas de 500 € por nacemento e 600 € en caso do segundo fillo coa condición de comprometerse a estar empadroado un mínimo de dous anos.

Intervén a sra. García e expón que tendo en conta que a proposta de alcadía desta ordenanza tampouco a recibiron coa convocatoria do Pleno pero xa que se trata de axudas para o fomento da natalidade van a votar a favor aínda que considera que se podería facer algo máis.

Rematado o debate procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado: aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Quedando polo tanto aprobada a proposta da alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:26 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE